ELPROGRESO

Fran Fernández Davila, gañador do premio Vilar Ponte de Viveiro: "Sorprendeume gañar porque é unha novela estraña, pero divertida"

Cristina L. Felipe

7 de novembro de 2026

https://www.elprogreso.es/articulo/a-marina/fran-fernandez-davila-ganador-do-premio-vilar-ponte-viveiro-sorprendeume-ganar-porque-novela-estrana-divertida/202611070500002012382.html

Fran Fernández Davila (Vigo, 1974) atende a este diario por teléfono desde Inglaterra, onde se atopa nunha viaxe do seu traballo nun posto de responsabilidade nunha multinacional. É enxeñeiro en Minas e Enerxía e dedícase ao frío industrial, pero ten de xeito paralelo unha destacada traxectoria como escritor que iniciou aos 42 anos e que o levou en pouco máis dunha década a ganar uns 50 certames literarios e a publicar doce libros: sete novelas e cinco poemarios. Ao seu palmarés suma agora o oitavo premio de novela Vilar Ponte de Viveiro, que vén de gañar con 'Mario non existe'.

Faille ilusión seguir ganando premios?

Por suposto que me alegra moitísimo, estou moi contento con ter ganado o premio Vilar Ponte de Viveiro. É grazas aos premios que publico libros, a maneira de ir entrando e que che publiquen é un premio.

Agardaba este éxito na súa faceta de escritor?

En absoluto, para nada. De feito empecei a escribir porque me gustaba pero nin sequera compartía cos meus coñecidos as lecturas, gústame publicar pero non a exposición, o tema de escribir é para min algo máis íntimo. Cando empezas a escribir con 42 anos non esperas facer ningún tipo de carreira.

Que pode contar da novela galardoada, 'Mario non existe'?

Non sei se coñeces a película de 'Come, reza, ama'. Quixen facer unha especie de chiscadela sobre un home de cincuenta anos que está en crise laboral, identitaria, familiar, e que de repente atopa saída nunha viaxe inesperada ao Nepal. A verdade hai moito da miña situación ata o de agora na novela, é moi persoal e non sei se sairá publicada, se sae vai ser unha exposición persoal importante.

É autobiográfica?

Non, porque nada diso me pasou, pero si moi autorreflexiva. É unha especie de situación paralela á que moitos homes pasamos chegados a certa idade, a crise dos 40, dos 50, é real. No meu caso con 50 anos, hai un ano, quedei sen traballo e pensei en refacer a miña vida como profesor de FP, empecei a estudar e fixen o máster, pero agora apareceume a oportunidade de traballar nunha das compañías máis importantes do mundo, que ten unha parte de refrixeración, e decidín probar. Levo un mes de volta ao mundo laboral pero 'hardcore', na primeira semana estiven na casa pero despois en París, Madrid e Inglaterra e a semana que vén viaxo de novo a París e a Italia, coñecendo as instalacións que hai por Europa. O das viaxes para min é un día a día, xa o viña facendo antes no meu traballo anterior, pero nunca fun a Asia. Esa viaxe que se narra na novela nunca a fixen e creo que nunca terei a afouteza de facela.

Todas as súas obras teñen algo de experiencia persoal?

Non é algo que busque, pero ao final hai un tema recorrente no que vou escribindo que é a identidade. Estou obsesionado coa nosa identidade en tódalas formas, a nosa identidade como galegos, como fillos, como pais... todas as formas posibles de identidade que nos definen, e esta novela é unha máis nese paso da identidade. Sempre trato que haxa algo de aventura nas novelas, encántame, pero o relato vai sempre enfocado ao tema da identidade. Agora tócalle a un home de 50 anos que perde o traballo e que pensa como recuperar a súa identidade ou como construír unha nova.

Participara no certame de novela Vilar Ponte algunha outra outra vez anteriormente?

Creo que participei hai un par de anos pero esta novela é a primeira vez que a mando a un premio e sorprendeume que ganase porque é unha novela diferente, estraña, distinta, moi filosófica pero á vez é unha novela moi lixeira, ata divertida. Eu paseino en grande e é raro que pase iso na cuarta vez que a leo. Normalmente a primeira vez que reles algo pásalo moi ben, pero á segunda, á terceira xa é un traballo rutinario. Nesta, ía na cuarta vez e seguía a pasalo ben, a descubrir cousas novas ou segundos significados filosóficos de moitas cousas.

Como se organiza para escribir no seu día a día?

Neste último ano escribín na casa porque tiña tempo, pero no meu traballo anterior escribía moitísimo en avións e aeroportos, a maior parte da miña obra está escrita neses lugares xa que viaxaba moito. Agora con este traballo novo non teño moito tempo polo momento.

Cantos libros viña escribindo ao ano e a cantos certames literarios se presentaba?

Escribo entre un e dous libros ao ano e preséntome a dez ou doce certames. Sempre publico a través de premios, cando che premian unha novela, e a publicación é algo que non podes controlar. Hai anos que non che publican ningún libro e outras veces nun mesmo ano publícanche dous. Pasoume iso no 2023, que publiquei dúas novelas cun mes de diferenza. Este ano 2026 publiquei outras dúas e no 2024 e no 2025 ninguha, aínda que si foron anos de escribilas.

Estivo antes en Viveiro ou ten algunha conexión coa zona?

A verdade é que non coñezo a comarca da Mariña lucense, teño amigos en Ortigueira e o máis preto que estiven foi no cabo de Bares. Só parei un par de veces nas Catedrais indo de viaxe para Asturias. Pero estou seguro de que é unha zona que me vai gustar, todo o que toque mar encántame, non podo vivir sen o mar. Ademais Viveiro ten unha pintaza, cando viaxo desde

Santiago a Inglaterra pasamos preto por riba, dun xeito que se pode ver Viveiro moi ben e teño no móbil fotos chulísimas de Viveiro desde o avión.